



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Didáctica da expresión musical	Código	652G01023	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Chao Fernandez, Rocio	Correo electrónico	rocio.chao@udc.es	
Profesorado	Chao Fernández, Aurelio	Correo electrónico	aurelio.chao@udc.es	
	Chao Fernandez, Rocio		rocio.chao@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura está encamiñada a proporcionar aos graduados en Educación Infantil os coñecementos básicos da formación musical, os fundamentos psicopedagóxicos, as estratexias didácticas e os procedementos necesarios para programar os contidos Musicais do currículo de Educación Infantil.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.	A54		
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Aprender a aprender.		B1	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.		B25	
Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.		B22	
Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.	A57		
Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.	A55		
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.	A53		
Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.	A56		

Contidos	
Temas	Subtemas



MÓDULO I. Audición: Coñecemento dos elementos que constitúen a manifestación musical a través da práctica auditiva.	<ul style="list-style-type: none">1.1. Calidades do son1.2. Elementos constitutivos da música tonal occidental.<ul style="list-style-type: none">1.2.1. Ritmo.1.2.2. Melodía.1.2.3. Harmonía.1.2.4. Forma.1.3. Análise auditivo da sonoridade.<ul style="list-style-type: none">1.3.1. Timbre.1.3.2. Dinámica.1.3.3. Textura.1.4. Realización de dictados.<ul style="list-style-type: none">1.4.1. Melódicos.1.4.2. Rítmicos.1.4.3. Mixtos.
MÓDULO II: Práctica vogal-instrumental.	<ul style="list-style-type: none">2. 1. Individual.<ul style="list-style-type: none">2.1.1. Interpretación de cancións.2.1.2. Realización de ritmos con percusión corporal.2.1.3. Interpretación de melodías na fruta doce.2.1.4. Realización de acompañamentos harmónicos básicos en instrumentos polifónicos.2.2. Colectiva.<ul style="list-style-type: none">2.2.1. Fundamentos do canto coral.2.2.2. Grupo instrumental mixto.2.2.3. Improvisación.
MÓDULO III. Música, movemento e xogo. Integración de diferentes recursos na expresión musical.	<ul style="list-style-type: none">4.1. Representación espacial do son.4.2. Creación e aprendizaxe de coreografías.4.3. O conto musicalizado.4.4. O xogo musical4.5. O teatro musical.
MÓDULO IV: Bases teóricas. Estudio das mais importantes liñas da pedagogía musical xurdidas no século XX	<ul style="list-style-type: none">5.1. Métodos relevantes del século XX, entre outros:<ul style="list-style-type: none">5.1.1. Emile Jaques-Dalcroze.5.1.2. Zoltán Kodály.5.1.3. Carl Orff.5.1.4. Edgar Willems.5.1.5. Justine B. Ward.5.1.6. Shinichi Suzuki.5.2. Novos enfoques do ensino musical, entre outros:<ul style="list-style-type: none">5.2.1. David J.Hargreaves.5.2.2. Keith Swanwick.5.2.3. Elliot David J.5.2.4. Lucy Green5.2.5. David K. Lines
MODULO V: Introducción ás TIC e ás novas tecnoloxías aplicadas ao ensino musical.	<ul style="list-style-type: none">6.1. Secuenciación MIDI.6.2. Edición de partituras.6.3. Edición de audio.6.4. Transferencia de arquivos.6.5. Emprego de Software libre



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A53 A54 A55 A56 A57	3	15	18
Proba mixta	A53 A54 A55 A57	1	11	12
Obradoiro	A53 A54	18	18	36
Investigación (Proxecto de investigación)	B1 B22 B25 C3 C7 C8	1	19	20
Actividades iniciais	A53 A54 B1 C7	3	0	3
Prácticas a través de TIC	B1 B25	1	5	6
Sesión maxistral	A53 A54 A55 A56 A57	15	30	45
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Realización dunha proposta didáctica que, fundamentada na revisión e análise de documentos, bases de datos, páxinas web, etc., terá dúas partes: a presentación dunha coreografía e a elaboración de elementos didácticos con material manipulable.</p> <p>Estas propostas poderán ter o apoio dos seguintes recursos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Musicalización de textos, dramatización musical e creación de xogos musicais. 2. Interpretación de pezas vogais, instrumentais e mixtas. 3. Empleo de playback, audiovisuais, musicogramas dinámicos, etc. <p>Os traballos serán realizados por grupos de cinco membros como máximo, e para que sexan válidos deberán responder aos obxectivos e contidos da materia.</p>
Proba mixta	<p>Esta proba realizarase en dúas fases: a primeira (escrita) consistirá na formulación de preguntas e exercicios prácticos relacionados co temario oficial. A segunda (oral) consistirá na execución dunha ou varias cancións (a elección do profesor), dentre as obrigatorias do curso. As cancións leeránse e mediranse (solfeo), cantaranse a capella e interpretaranse coa frauta doce.</p>
Obradoiro	<p>Actividades individuais e colectivas que abranguerán os seguintes aspectos na súa dimensión práctica e didáctica:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Interpretación vogal. 2. Interpretación instrumental (tanto de modo individual como colectivo). 3. Elementos básicos de dirección vogal e instrumental. 4. Aplicación das novas tecnoloxías á práctica e ensino musical.
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>Indicarase un traballo de investigación relacionado coa materia. As orientacións do profesor/a guiarán ao alumnado no proceso de realización. Indicaranse lecturas obrigatorias e recomendadas.</p>
Actividades iniciais	<p>Valoración dos coñecementos previos do alumnado.</p>
Prácticas a través de TIC	<p>Emprego de recursos informáticos tanto para a realización dos traballos tutelados, como para a investigación, onde se deberá facer unha análise estadística dos resultados.</p> <p>As Tic tamén se poden empregar como recurso complementario para a práctica do dictado musical.</p>
Sesión maxistral	<p>Presentación e desenvolvemento na aula dos conceptos fundamentais dos contidos propostos.</p> <p>Explicación do contido temático por parte do profesorado ou de profesionais especialistas convidados/ás.</p> <p>Cando o profesorado responsable da materia organice concertos, conferencias, seminarios, congresos ou charlas sobre temáticas relacionadas coa materia, serán consideradas tamén dentro deste apartado, e por tanto de obrigada asistencia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral Investigación (Proxecto de investigación) Traballos tutelados Actividades iniciais Obradoiro Proba mixta	Os traballos tutelados e a proba mixta requiren atención personalizada, por iso as titorías terán unha importancia relevante para resolver as dúbidas que o alumnado poida presentar. Estas medidas serán aplicábeis tanto ao alumnado que asiste regularmente ás aulas como a aquel con dispensa académica.
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A53 A54 A55 A56 A57	Realizarase unha ou varias probas escritas que integrarán diferentes xeito de comprobar se a aprendizaxe foi significativa. Para elo empregaranse diferentes tipos de probas: <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Probas de resposta breve. 1.2. Preguntas tipo test. 1.3. Preguntas abertas. 1.4. Exercicios prácticos. 	25
Investigación (Proxecto de investigación)	B1 B22 B25 C3 C7 C8	Presentación e defensa oral dun traballo de investigación sobre un tema relacionado coa materia no que se valorarán os seguintes aspectos: <ol style="list-style-type: none"> 1. Profundidade dos contidos. 2. Emprego da linguaxe apropiada. 3. Uso axeitado das fontes documentais. 4. Uso axeitado de TICs. 5. Seguridade e claridade na exposición oral. 	10
Traballos tutelados	A53 A54 A55 A56 A57	Realización dunha proposta didáctica que, fundamentada na revisión e análise de documentos, bases de datos, páxinas web, etc., terá as dúas partes: <ul style="list-style-type: none"> - Coreografía que se levará a cabo ao final do cuadrimestre (50%) - Elaboración de proposta didáctica con material manipulable (50%) Teranse en conta os seguintes aspectos: <ol style="list-style-type: none"> 1. Orixinalidade. 2. Creatividade. 3. Utilidade práctica e viabilidade. 4. Coherencia cos obxectivos e contidos da materia 5. Emprego de TICs. 	15
Obradoiro	A53 A54	Dado que se trata dunha práctica en grupo, na súa avaliación terase en consideración a capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común destinado á obtención de resultados. Será necesario ter un mínimo de 10 prácticas correctamente realizadas para obter un 5 neste apartado, polo que implica a obrigatoriedade da asistencia a clase por parte do alumnado. A partir das 10 prácticas obrigatorias sumárase 1 punto por cada asistencia, podendo chegar á máxima cualificación coa asistencia ás 15 clases do cuadrimestre. En caso de situacións excepcionais, poderase recuperar algunha clase previo consenso có profesorado.	15



Proba mixta	A53 A54 A55 A57	Realizaránse as seguintes probas prácticas: 1.1. Lectura musical (25%) 1.2. Dictado musical (15%). 1.3. Entoación vogal. (30%). 1.4. Interpretación con fruta doce. (30%).	30
Prácticas a través de TIC	B1 B25	Emprego de TIC	5

Observacións avaliación

Para aprobar a asignatura é necesario obter un 5 en cada un dos apartados anteriores. No caso contrario non se fai media.

Na parte de Obradoiro, como se trata dunha interpretación instrumental grupal, o estudante que non poida realizar as 10 prácticas mínimas obrigatorias (por ser alumnado con dedicación a tempo parcial ou dispensa académica) deberá vir á proba acompañado como mínimo de catro persoas. No caso de non ser posible isto, o discente examinaráse cun acompañamento instrumental das pezas en formato dixital realizado por él. En todos os epígrafes a porcentaxe da avaliación será a mesma que a do alumnado asistente, que é a que figura en cada un dos apartados das probas, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Como consideración xeral, terase especialmente en conta, tanto nos exámes como nos traballos, as deficiencias ortográficas de puntuación e acentuación, así como unha redacción inconexa ou inadecuada, deficiente presentación, excesivo número de tachaduras, etc. Todo elo suporá redución de puntos sobre a nota obtida.

Para non interferir no desenvolvemento do resto das materias, evitarase tocar instrumentos musicais nos pasillos e noutras áreas comúns da Facultade, polo que o alumnado deberá solicitar ao profesorado a reserva da aula de usos múltiples (cando sexa posible e esté libre) cón fin de realizar os ensaios de fruta e da coreografía nese espazo.

En caso de que a/o profesor detecte plaxio nalgún traballo, suporá un 0 na cualificación. En caso de reiteración, daráse traslado á Comisión Académica para a toma de medidas oportunas.

Farase especial fincapé no cuidado do medio ambiente en pro dunha educación e sociedade sostible. Para elo, sempre que sexa posible na elaboración dos traballos empregárase material de reciclaxe e evitarase o emprego de materiais de plástico na entrega dos mesmos. Os traballos serán enviados exclusivamente telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non se empregarán plásticos, elixirase a impresión a dobre cara, e papel reciclado, evitando imprimir borradores.

Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - ALSINA, P. (1999). El área de educación musical. Barcelona:Graó - ALSINA, P., Díaz, M., GIRÁLDEZ, A. e IBARRETXE,, G. (2010). 10 ideas clave: El aprendizaje creativo.. Barcelona:Graó - CHAO FERNÁNDEZ; R. (2005). Fundamentos didácticos de los métodos pedagógicos del siglo XX a la actualidad.. Vilalba: Conservatorio Municipal. - DÍAZ, M. y RIAÑO, M. (Coords.) (2007). Creatividad en educación musical. . Santander: Servicio de Publicaciones Universidad de Cantabria. . - DOMEQUE, M., LAGARRIGA, E. y SEGALÉS, E (1988). Audición musical. Barcelona: Teide. - ELLIOT, D. (Ed.). (2005). Praxial Music Education: reflections and dialogues. . Oxford: University Press. - FORRAI K., FRISS G. y OTROS. (1981). Educación musical en Hungría. (Revisión española de M. Angulo). . Madrid: Real Musical - GARCÍA, P. y ESTEBARANZ, A. (2005). Innovación y creatividad en la enseñanza musical. . Barcelona: Octaedro - GIRÁLDEZ, A. (Coord). (2011). Didáctica de la música. . Barcelona:Graó - GREEN, L (2001). Música, género y educación. Madrid: Morata. - HARGREAVES, D. (1991). Infancia y educación artística. Madrid: Morata. - HARGREAVES, D. (1998). Música y desarrollo psicológico. Barcelona:Graó - LEVITIN, J. (2011). Tu cerebro y la música. El estudio científico de una obsesión humana. . Buenos Aires. Lumen - LINES, D. (comp.) (2009). La educación musical para el nuevo milenio. . Madrid: Morata. - MALAGARRIGA, T. y A. VALLS. (2003). La audición musical en la Educación Infantil. Barcelona: Ceac. - PASCUAL, P. (2006). Didáctica de la música. . Madrid: Pearson Prentice Hall - Román-García, S. (2016). LenMus. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 69, pp. 79-80 - Román-García, S. (2017). JalMus. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 70, pp. 76-78 - Román-García, S. (2016). MuseScore. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 67, pp. 74-76 - SANJOSÉ HUGUET, V. (1997). Didáctica de la Expresión Musical para maestros. Valencia:Piles <p>[1] S. Román-García, ?LenMus?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 69, pp. 79-80, 2016.[2] S. Román-García, ?JalMus?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 70, pp. 76-78, 2017.[3] S. Román-García, ?MuseScore?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 67, pp. 74-76, 2016.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase que os envíos dos traballos sexa telemáticamente e se non fose posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Debéese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Evitaráse a discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Usarase linguaxe non sexista.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías